



MARTÍNEZ ALFARO, Encarnación, LÓPEZ-OCÓN CABRERA, Leoncio e OSSENBACH SAUTER, Gabriela (eds.), *Ciencia e innovación en las aulas. Centenario del Instituto-Escuela (1918-1939)*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas y Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2018, 426 páxinas. ISBN: 978-84-00-10401-6 e 978-84-362-7497-4.

Baixo o amparo dun proxecto oficial de investigación universitaria titulado «Dinámicas de renovación educativa en las aulas de bachillerato (1900-1936): una perspectiva ibérica», un amplo equipo de investigadoras e investigadores (22 concretamente), baixo a coordinación das profesoras Encarnación Martínez, Gabriela Ossenbach e Leoncio López-Ocón deu cabo á presente e moi notábel monografía académica, que acompañou unha ben pensada e ordenada exposición pública arredor do que foi e representou entre 1918 e 1939 o Instituto-Escuela sito en Madrid, como capital do Estado español, un centro experimental, de innovación e ensaio no campo das institucións de educación secundaria, na procura

da extensión e xeneralización daquelas fórmulas e innovacións que se puidesen implantar e aplicar no conxunto dos institutos de bacharelato en España.

É conveniente sinalar para o lectorado de lingua portuguesa que este «Instituto-Escuela», con esta denominación, foi un centro experimental e en certo modo de elite, que, porén, en 1928 reunía 1400 alumnos e alumnas, case a partes iguais, algo impensábel daquela no conxunto dos centros de bacharelato e regularmente ausente nas institucións privadas que non consideraban o réxime de coeducación de sexos. Este instituto foi creado por mor do impulso da Junta para Ampliación e Investigaciones Científicas (JAE), que viña operando desde 1907, como instancia afecta ao Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes: un organismo que avaliaba proxectos de formación que o profesorado, médicos e outros profesionais podían presentar nas diversas convocatorias de bolsas anuais para concedérselles aos peticionarios axudas de diversas contías e para estadias de distinta duración en países europeos, co fin de mellorar a súa formación e competencias científicas. A Junta para estes efectos, e baixo a presidencia do científico e premio Nobel Santiago Ramón y Cajal, dispuxo da figura excepcional de José Castillejo e como instancia logrou reunir específicos centros e laboratorios de investigación científica e un centro de estudos históricos, que acompañou dunha algo mítica residencia de estudantes e así tamén de residencias femininas para investigadores/as e tamén alumnado escollido da Universidade Central. O conxunto obedecía ao espírito creador e impulsor da Institución Libre de Enseñanza, que fora creada en 1876: un motor de renovación

cultural ético-estética, e mesmo política, para o conxunto da sociedade española formulado desde posicións cívicas e de liberalismo burgués democrático.

Neste contexto a alianza entre José Castillejo e o ministro liberal Santiago Alba permitiu alumar este Instituto-Escuela: un centro con alumnado (fillos do persoal investigador dos centros e laboratorios da JAE e outro profesorado secundario e universitario) e profesorado seleccionado, onde se ensaiaron novos programas para seis cursos académicos e a nova didáctica. O plan de estudos singular recolleu asemade a redución do alumnado por grupo didáctico, coidouse o ensino de idiomas, a formación estética, deportiva e musical, combinouse o ensino de aula coa de laboratorios científicos, coas viaxes, as excursións e os intercambios internacionais, as conferencias de profesorado exterior, os certames literarios e o uso da biblioteca, e levouse a cabo a creación de libros específicos como no campo literario, coa «Biblioteca del Estudiante» que editou preto de 30 libros. O profesorado foi seleccionado entre catedráticos de Instituto que mantiñan relacións coa JAE, que mesmo participaron xa en actividades formativas no estranxeiro, e, en todo caso, tratábase dun profesorado chamado a ter mellores oportunidades de formación, no mesmo grao da súa maior e empoderada implicación didáctica.

Procurose que o alumnado cultivase tanto as humanidades como a formación científica, a expresión oral como a escrita, a observación e a experimentación, o espírito analítico e a madurez reflexiva. Por todo o indicado a historiografía educativa considera actualmente que esta institución educativa foi unha das mellores escolas de

ensaio e de reforma suscitadas na Europa de entreguerras.

Estes antecedentes realzan que a chegada do centenario en 2018 fose motivo de preocupación e de revisión histórica, tal como se concitan na presente monografía, coidada na edición, fermosa, rica nas numerosas, variadas e limpas ilustracións, intensa desde o punto de vista prosopográfico, minuciosa nas nominacións, globalizadora e inserta plenamente nos modos de facer historiográfico máis esixentes do presente. A exposición que a acompaña foi instalada no Museo Nacional de Ciencias Naturais de Madrid co fin de «conmemorar el aniversario de la creación en 1918 de una de las instituciones educativas más importantes de la España del pasado siglo».

Logo da cumprida introdución a cargo dos editores, os temas abordados cobren todos os aspectos relevantes desta institución educativa ao largo dos seus 21 anos de existencia e aínda outros ata o de agora pouco coñecidos. Tras un primeiro e ben armado capítulo de índole xeral sobre «La escuela y la renovación pedagógica en España en el primer tercio del siglo XX», a cargo de A. Tiana e G. Ossenbach, poden encontrarse outros sobre «Los orígenes del Instituto-Escuela: los grupos de niños de la Residencia de Estudiantes» (A. Ribagorda), «Los inicios de una acción educadora de la JAE en 1918» (L. López-Ocón), «Educar y experimentar» (S. Casado y C. Massip), «La enseñanza a través de las imágenes en el Instituto-Escuela» (J. Frutos), «La Biblioteca del Instituto-Escuela. Sección Retiro» (E. Martínez), «De la Institución Libre de Enseñanza al Instituto-Escuela. La lengua y la literatura en el Instituto-Escuela de Madrid» (M. Pedrazuela), «El Instituto-Es-

cuela y el ideal de la arquitectura escolar» (F.-J. Rodríguez), «Un colectivo de prestigio: el profesorado del Instituto-Escuela de Madrid» (J. D. López y M.^a A. Delgado), «Las alumnas del Instituto-Escuela» (M.^a Poveda), «Los cuatro Institut-Escola de Cataluña» (S. Domènech), «Modelo pedagógico y prácticas didácticas en el Instituto-Escuela de Valencia» (A. Mayordomo), «El Instituto-Escuela de Sevilla» (C. Algora), «El uso didáctico del Instituto-Escuela. Sección Retiro» (A. Marín, L. López e E. Arjona), e «Trayectorias vitales y profesionales de alumnos del Instituto-Escuela de Madrid» (L. Cabañas), cubrindo deste xeito un amplo espectro de temas de cuestións en relación con este centro escurecido e maltratado durante o franquismo. Sempre co acompañamento de ilustracións e de referencias bibliográficas.

É do caso salientar que a monografía atende entre as súas páxinas 277 a 326 o que foi o desenvolvemento dos catro institutos-escola de Cataluña, así como

os de Valencia e de Sevilla, e cabe sinalar que baixo a súa influencia no tempo da II República outros institutos de bacharelato públicos da diversa xeografía española ensaiaron innovacións pedagóxicas e metodolóxicas positivas.

Entre as páxinas finais alúdese ao uso didáctico pasado e actual do patrimonio histórico conservado do Instituto-Escuela, ás traxectorias vitais e profesionais do seu alumnado (con referencia a múltiples nomes de exiliados políticos, encadeados e outras personalidades), ademais de sumariamente indicar o amplo conxunto de documentos, libros, cadernos escolares, láminas, aparellos e instrumentos, modelos anatómicos, exemplares botánicos e zoolóxicos, micrografías e placas de vidro, que compoñen a exposición realizada na cidade de Madrid.

Unha magnífica monografía, pois.

Antón COSTA RICO
Universidade de Santiago de Compostela